



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2024, PUBLICADA NO DOG Nº 120 DE 21 DE XUÑO DE 2024

### ACTA 3

#### **SOBRE A ACREDITACIÓN DO NIVEL DE IDIOMAS INDICADOS NA SOLICITUDE (INGLÉS, CHINÉS, ALEMÁN E/OU FRANCÉS) (ART. 4.4 e 5.2) E CERTIFICADOS ADMITIDOS (ANEXO III DAS BASES)**

1. Segundo o establecido no artigo 4 das bases: “Deberá acreditarse o nivel mínimo de idioma inglés B1. Esta capacidade acreditarase mediante unha das dúas opcións seguintes:
  - a. A realización dun exame en que os aspirantes deberán demostrar como mínimo un nivel B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas.
  - b. Achegar algún dos certificados de idioma inglés relacionados no anexo III destas bases, sempre que este teña menos de tres anos de antigüidade na data de fin do prazo de presentación de solicitudes”.
2. Segundo o establecido no artigo 5 das bases: “Opcionalmente, os candidatos, ademais de examinarse de inglés, poderán indicar na solicitude ata tres idiomas adicionais dos que queiran examinarse. Os idiomas adicionais dispoñibles son: chinés, alemán e francés. O exame non será necesario se se pode acreditar o nivel de idioma achegando o certificado do idioma correspondente segundo o cadro de equivalencias incluído no anexo III, sempre e cando o dito certificado teña menos de tres anos de antigüidade na data de fin de prazo de presentación de solicitudes”.

#### **O COMITE DE SELECCIÓN ACORDA**

1. A efectos de acreditar o nivel de idiomas o solicitante poderá presentar un dos certificados admitidos, presentarse ás probas de idiomas ou exercer ambas accións. No caso de que tendo presentado un certificado válido de idioma e presentado á proba de idiomas



organizada polo Igape fose puntuado cun nivel inferior manterase o nivel acreditado mediante o certificado válido.

2. Se consideran tamén certificados válidos para acreditar o nivel de idiomas os seguintes non incluídos no Anexo III das bases:

Inglés: LINGUASKILL (equivalencia có antigo BULLATS)

En Santiago de Compostela, na data da firma electrónica.

A subdirectora do Área de Internacionalización do IGAPE

Laura María González-Dopeso Portela